

BOIX 01.20/2

IES DE RODEIRA BOLETÍN INFORMATIVO XERAL OUTONO 2020

...AÍ VEÑEN!

DECEMBRO 2020

Ata o 21 TEÑO TALENTO!
ANSO/EDLG convocan un certame de talentos, mediante vídeos individuais nos que cadaquén poda mostrar habilidades e actividades fora do marco académico: deporte, moda, música, baile, comic, cine, xogos, horta, xardín, maquetas... Aberto a alumnado e profesorado

Do xoves 16 ao luns 21 AVALIACIÓNS
Avaliacións do primeiro trimestre. A complexa cuantificación do esforzo... Alea iacta est!

Martes 22 ENTREGA DE NOTAS E... VACACIÓNS DE NADAL!
Remata o trimestre de outono. ESO e FPB recollerán os boletíns na súa aula as 10:30. BACH e Ciclos as 11:30. Bo Nadal!

Luns 11 XANEIRO 2021 INICIO DO TRIMESTRE DE INVERNO
O Centro escolleu coma festivo propio o venres 8 de xaneiro. **Volvemos o LUNS 11!**

OUTUBRO ...AÍ VAN!

Venres 30 SAMAÍN VIRTUAL
O Aquén irrompeu no Alén en modo vídeo. No concurso destacaron en **Cabazas**, Daniel Moreira (1ºESO A), en **Recetas**, Izam González (1ºA), en **Entrevistas**, Mara Pazos (1ºB), en **Videorelatos**, Irene Dios (1º B) e en **Debuxo**, Sabela Rosales (1º C)

NOVEMBRO

Xoves 12 MAGOSTO **Patio**
Castañas asadas, gaitas e cantarolas aproveitando o veraniño de San Martiño

Mércores 25 NON A VIOLENCIA DE XÉNERO **Valado**
O alumnado de ANSO colocou globos negros e violetas no valado, en recordo das vítimas. Nas escaleiras, exposición sobre as relacións tóxicas, que continuou nun debate nas aulas.

Do 27 ao 29 XORNADAS POLA IGUALDADE **On line**
Organizadas por A GAMELIÑA, Federación de ANPAS de Cangas. Charlas, propostas, contos

DECEMBRO

Mércores 2 REPRESENTANTES **Pavillón**
Tralas eleccións de Delegados de curso, a **XUNTA DE DELEGADOS** escolleu coma presidente a **Evaristo Fandiño** (4ºB) e coma Secretaria a **Rosemary Molanes** (4ºD).

AQUÍ ESTÁN.

RECREOS ACTIVOS Saídas abertas pola praia de Rodeira. Todos os recreos. Organiza Educación Física	CLUB DE MANGA Reunións o martes no segundo recreo na Biblioteca.	OBRADOIROS DE ADULTOS Informática, Inglés, Historia, Galego, Xardinería, Creación literaria, Ximnasia, Memoria.
---	--	---